

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2015 | v.o.s.e.

FICHA TÉCNICA

Amy (2015, 128')

Dirección: Asif Kapadia

Participación: Amy Winehouse, Yasiin Bey, Mark Ronson, Pete Doherty, Mitch Winehouse, Blake Fielder-Civil, Tony Bennett, Tyler James, Salaam Remi, Blake Wood, Monte Lipman, Janis Winehouse, Nick Shymansky, Juliette Ashby, Lauren Gilbert, Lucian Grainge...

Montaxe: Chris King

Son: Dafydd Archard, Stephen Griffiths, William Miller, Don 'Chudi' Nelson, Emma-Louise Payne, Andy Shelley, Max Walsh

Música: Antonio Pinto

Produtora: Playmaker Films / Universal Music

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1,77:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Senna (2010)

«A película propón unha interesante reflexión sobre a fulgurante ascensión e morte dunha persoa que foi destruída polos mesmos medios de comunicación que a glorificaron»

Ángel Quintana, CAIMAN CUADERNOS DE CINE

SINOPSE

Amy Winehouse foi un deses talentos únicos que xorden en cada xeración e unha artista de jazz no sentido máis puro do termo. Escribiu e cantou desde o corazón empregando o seu talento musical para analizar os seus propios problemas. A combinación da súa crúa honestidade e do seu talento incribel fixéronlle ganar seis premios Grammy e compór algunhas das cancións máis orixinais e adoradas do século XXI.

A través de imaxes íntimas e cancións inéditas, este filme sorprendentemente moderno, áxil e vital amósanos o duro que é o mundo no que vivimos dun xeito que moi poucos filmes acadaron.



AMY

[Asif Kapadia, 2015]

Antes de que Adele, Katy Perry e Taylor Swift se converteran en fenómenos musicais, unha descarada londiniense do norte, chamada Amy Winehouse, adoitaba gobernar o mundo. Era imposible escapar dela na última década. Ben polos seus blues, repetidos *en loop* por todos lados desde o momento no que se desencadeou a súa desafiante gloria, ben pola implacábel cobertura da súa turbulenta vida e da súa carreira –salpicada en todas as televisións e en internet como unha especie de *reality show* enfermizo.

Por iso mesmo é un pouco estraño que o home que fixo o documental sobre a súa vida, inicialmente non tiña nin idea do que ela ou a súa música significaban. «Eu coñecía a traxedia, por suposto» di Asif Kapadia, un londiniense orixinario de Gujarati, cun acento británico recortado. «Pero eu son máis do deporte –encántame o fútbol, respecto a Muhammad Ali e por suposto, xa sabes, a Ayrton Senna. Non son ningún acosador e non creo na cultura dos fans. Todos somos xente común, ao fin e ao cabo».

En canto á adoración do heroe, por que escoller a Amy Winehouse como suxeito, entón?

«Estrañamente o proxecto chegou a min», explica Kapadia. *Senna*, o seu documental, tróuxolle moitas cousas boas, un premio BAFTA, eloxios da cultura universal, un lote de cartos (recadou máis de 3 millóns de libras, o que significa que foi a película que máis entradas vendeu do cine documental británico de todos os tempos). E unha proposta de Universal Music UK para crear unha homenaxe semellante a Amy Winehouse. «Cando James [James Reese, o produtor de *Senna* e *Amy*] veu a min coa proposta, pensei, por que non? En todos estes anos nunca conseguira facer unha película ambientada en Londres. Isto parecía unha oportunidade».

Resulta que Winehouse e Kapadia medraron na mesma parte da metrópole –literalmente unha rúa abaixo o un do outro no barrio de Hackney. Mesmo foron á mesma escola. «De feito, un tipo que coñezo tivera unha cita con ela cando eramos máis novos –e non tiña nin idea até que me puxen a investigar para este proxecto» rise.

Esa investigación supuña facer unha peneira de entre arredor de 100 horas de antiga metraje de Amy, incluíndo vídeos caseiros e gravacións de concertos. De feito, condensar todo iso en 180' non foi a parte máis difícil. Foino conseguir que

a xente –80 dos seus amigos, familiares e colegas máis achegados – falaran de ela: «Todo o mundo achegado a ela tiña o corazón esnaquizado polo que sucedera, como é comprensíbel. Levoume un ano, tal vez máis, conseguir que os amigos, familia e produtores que traballaron con ela se abrisen a min»

Winehouse morreu de intoxicación por alcol e sobredose de drogas en 2011. Pero o seu camiño cara á autodestrución, incluíndo unha mala relación e unha loita contra a bulimia, xa comezara no momento en que gravou a súa primeira canción.

Kapadia bota a culpa a unha «sociedade sensacionalista». Xa sabes, o xeito no que as cámaras perseguen as celebridades por todo o mundo e toda a xente se sente con dereito a coñecer cada un dos detalles da súa vida privada. Non é de estrañar que Kapadia sexa sospeitoso da cultura do *fandom*.

Aínda que, considerando a maneira na que os festivais devecen por todo o que toca, el tamén ten abondos admiradores. Xa en 1997, o Festival Internacional de Cinema de Cannes outorgoulle un premio pola súa curtametraxe, *O Ladrón de ovelas*; desde entón, reúne e cultiva un público estábel en todas as grandes veladas –de Sundance a Venecia– cos seus documentais, reportaxes e curtametraxes. Pódese asegurar que no universo do cinema mundial, el é unha estrela.

Probablemente a ninguén lle sorprenda que a proxección de *Amy* en Cannes fora recibida cun mar de lágrimas e cun cúmulo de eloxios por parte da crítica. O que podería ser un pouco inesperado foi que o pai de Amy, Mitch, choricara publicamente por como a película estaba a punto de destruílo. Por suposto ninguén o tomou en serio –é un pouco difícil pórse do lado do home que desapareceu a comezos da vida de Amy e reapareceu xusto no momento 'correcto' da súa filla. «Amy era moi honesta, moi sinxela. Ela simplemente dixo, escribiu e cantou o que ela pensaba. Tiven que contar a historia desde o seu punto de vista» mantén Kapadia.

[...]

Fragmento da entrevista realizada por Nidhi Gupta para <http://www.gqindia.com/>

MATERIAIS

NA LIBRARÍA NUMAX

Lady Sings the Blues. Billie Holiday. Tusquets.
Cuando harlem estaba de moda. David Levering Lewis. Del oriente y del mediterráneo.
Jacksonismo. Mark Fisher. Caja negra
The Black Power Mixtape 1967-1975. Goran Hugo Olsson. [DVD]
Ne change rien. Pedro Costa con Jean Balibar. [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org